


1 Parte

O Patrimonio Inmaterial



O Patrimonio INMATERIAL

Contextualización

O patrimonio cultural é o conxunto de bens que a sociedade herda dos seus antepasados. Este tesouro é especialmente valioso porque nos axuda a comprender a historia e, ao mesmo tempo, fainos partícipes de coñecementos. Exemplos deste legado poden ser as obras literarias, as pictóricas, as arquitectónicas, as paisaxísticas...

Mais alén dun patrimonio físico, e polo tanto tanxible, hai outro non menos importante que coñecemos como inmaterial.



Que é?

“Conxunto de expresións da cultura tradicional e popular, construídos colectivamente e que se foron transmitindo de xeito oral ou xestual ao longo de xeracións”

O seu carácter intanxible (a diferenza dun libro, dun cadro ou dun pazo non o podemos tocar) fai que sexa un patrimonio moito máis vulnerable, polo que é especialmente importante a implicación individual e colectiva á hora de transmitilo ás novas xeracións.

O concepto de patrimonio inmaterial é recente. Non se comeza a popularizar ata entrada a década dos noventa. Logo dun tempo de debate, a Unesco definiuno en 2003 como “os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, grupos e nalgún casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural”.



Sabes o que é a Unesco?

A Unesco é a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

Fundada en 1945, o organismo ten como principio reitor o de contribuír á paz e á seguridade no mundo mediante a educación, a ciencia, a cultura e as comunicacións.

Cómpre lembrar algunhas características definitorias do patrimonio inmaterial:

- É tradicional pero tamén contemporáneo.
- É integrador: aínda que representa un grupo humano está aberto ao diálogo cos demais.
- É recoñecido pola comunidade que o mantén vivo.



Actividade

Marca cun X o patrimonio que podemos clasificar como inmaterial:

☐

Os petroglifos do Baixo Miño.

☐

As Médulas do Bierzo

☐

A Festa do Magosto

☐

A arte da regueifa

☐

O casco histórico de Guimaraes

☐

O Entroido

O Patrimonio inmaterial Galego-Portugués



Galicia e Portugal son dous territorios fondamente ligados entre si, tanto por razóns xeográficas como históricas. Durante séculos a lingua e a cultura dun e outro lado do río Miño camiñaron conxuntamente. Froito deste andar paralelo e da proximidade física xorde o chamado patrimonio inmaterial galego-portugués. É doado comprobar como nun e noutro espazo se conservan formas de cultura oral compartidas.

Diciamos que ata a década dos 90 non se comezou a espallar o termo Patrimonio Inmaterial. Precisamente, en 1995 botaba a andar a experiencia Ponte nas Ondas. Coincidindo coa inauguración dunha ponte que unía as localidades de Salvaterra do Miño (Galicia) e Monção (Portugal), profesorado dunha e outra beira do río decidiu pór en marcha unha ponte de comunicación a través das ondas. Aquela experiencia de radio escolar foi a semente para a reivindicación e posta en valor dun patrimonio común que é preciso divulgar e coidar, para que siga a ser útil para as vindeiras xeracións.



Co paso dos anos a asociación Ponte nas Ondas impulsou campañas de investigación das tradicións orais galego-portuguesas: costumes, lendas, músicas, bailes, festas, medicinas tradicionais. Feito ese traballo de recollida, o colectivo embarcouse no maior dos retos: conseguir que a Unesco recoñeza este patrimonio como Patrimonio Inmaterial da Humanidade. Nesa viaxe estamos!



PNO!
PONTE NAS ONDAS!

 **XUNTA
DE GALICIA**